

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A SAMI CATEDRAL DE SANTIAGO PARA O DESENVOLVEMENTO DUNHA ACCIÓN CULTURAL CONXUNTA NO TEMPLO DE CARA AO ANO SANTO 2021

REUNIDOS

Por unha banda, D. Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, en representación da **Axencia de Turismo de Galicia**, en calidade de presidente, segundo se establece na Disposición adicional novena do Decreto 130/2020, do 17 de setembro (DOG núm. 190, do 18 de setembro), e de conformidade coa atribución do artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

E doutra, D. Daniel C. Lorenzo Santos, na súa condición de Apoderado Xeral da **S.A.M.I. Catedral de Santiago**, en virtude do nomeamento efectuado ante notario con data 27 de abril de 2015.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas.

EXPOÑEN

Primeiro.- Que o 30 de xullo de 2020 asinou un convenio de colaboración cuxo obxecto é regular as condicións de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a SAMI Catedral de Santiago na preparación do programa cultural conxunto denominado *O Camiño da Beleza*, destinado ás seguintes finalidades:



1.- A composición e interpretación dunha obra musical encargada ex profeso ao compositor Juan Durán, membro da Real Academia Galega de Belas Artes, para a cerimonia de apertura da Porta Santa, o día 30 de decembro.

2.- Os encargos das seguintes obras de creación:

-Unha misa para o día do Apóstolo a cargo do compositor Marco Frisina, maestro de capilla de la Catedral de Roma y Rector de la Basílica de Santa Cecilia en Trastévere.

-Un oratorio para a festa de Nadal, encargado ao prestixioso compositor español Ricardo Llorca.

-Unha composición para a clausura da Porta Santa que realizará o autor galego Juan Durán.

-O proxecto dunha intervención plástica na catedral, titulada Unha peregrinación interior na catedral dos camiños, encargada ao prestixioso artista español Daniel Canogar, coa música necesaria a cargo do compositor galego Fernando Buide.

3.- O financiamento da edición en lingua inglesa do proxecto editorial titulado A Catedral dos Camiños, froito dun labor de recompilación de traballos de historiadores e historiadores da arte sobre o templo e a súa posta en relación cos achádeos derivados das obras de restauración integral do templo levadas a cabo no cadro do seu Plan Director de restauración e conservación.

Segundo.- Que na cláusula segunda se establece o orzamento estimado para as actuacións obxecto do convenio que ascende a 130.000€ (IVE incluído), coa seguinte distribución:

1. Encargo dunha composición para a apertura da porta santa	25.000,00€
2. Encargos obras	90.000,00€



3. Financiamento proxecto editorial	15.000,00€
TOTAL	130.000,00€

Terceiro.- Que o pasado 11 de marzo de 2020, a Organización Mundial da Saúde declarou pandemia internacional a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada pola COVID-19.

Mediante Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19. O estado de alarma declarado foi prorrogado co sometemento ás mesmas condicións establecidas no Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo. Prórrogas que alcanzaron ata o 21 de xuño de 2020.

Esta situación actual incide no desenvolvemento das accións proxectadas tendo en conta que algunhas delas demandaban un desenvolvemento posterior no ano 2021 e que, dadas as actuais circunstancias, non se ve probable a súa execución debido á inversión que suporía e a prioridade de atender outras necesidades, como acontece co proxecto de intervención plástica na catedral a encomendar ao artista español Daniel Canogar, que se completaba cunha composición musical orixinal a cargo do compositor galego Fernando Buide. Ao non ser probable, segundo o exposto o seu desenvolvemento, as partes consideran máis acertado non realizar a actuación prevista para este ano 2020.

No seu lugar, e dado que se conta con crédito axeitado e suficiente, as partes entenden de interese a inclusión do encargo dos traballos de recompilación, análise, catalogación, arquivo, confección de informes, planimetría e textos elaborados que permitan unha mellor comprensión das intervencións técnicas, coñecementos e estudos xerais e particulares da restauración que se está acometendo na catedral.

Por estes motivos, acórdase celebrar a presente addenda que se rexerá polas seguintes



CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

1. Modifícase a cláusula primeira do convenio, de xeito que queda redactada do seguinte xeito:

“Primeira.- Obxecto

O obxecto deste convenio é regular as condicións de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia ea SAMI Catedral de Santiago na preparación do programa cultural conxunto denominado *O Camiño da Beleza*, destinados ás seguintes finalidades:

1.- A composición dunha obra musical encargada ex profeso ao compositor Juan Durán, membro da Real Academia Galega de Belas Artes, para a cerimonia de apertura da Porta Santa, o día 30 de decembro.

2.- Os encargos das seguintes obras de creación:

-Unha misa para o día do Apóstolo a cargo do compositor Marco Frisina, maestro de capilla de la Catedral de Roma y Rector de la Basílica de Santa Cecilia en Trastévere.

-Un oratorio/cantata Jacobeo, encargado ao prestixioso compositor español Ricardo Llorca.

-Unha composición para a clausura da Porta Santa que realizará o autor galego Juan Durán.

- Recompilación, análise, catalogación, arquivo, confección de informes, planimetría e textos elaborados que permitan unha mellor comprensión das intervencións técnicas, coñecementos e estudos xerais e particulares da restauración que se está acometendo na catedral.

3.- O financiamento da edición en lingua inglesa do proxecto editorial titulado *A Catedral dos Camiños*, froito dun labor de recompilación de traballos de historiadores e historiadores da arte sobre o templo e a súa posta en relación cos achádeos derivados das obras de restauración integral do templo levadas a cabo no cadro do seu Plan Director de restauración e conservación.



2. Modifícase a cláusula segunda do convenio, de xeito que queda redactada do seguinte xeito:

“Segunda.- Orzamento e financiamento

O orzamento estimado para as actuacións obxecto deste convenio ascende a 130.000€ (IVE incluído), que se distribúen do seguinte xeito:

1. Encargo dunha composición para a apertura da porta santa	30.000,00€
2. Encargos obras	85.000,00€
3. Financiamento proxecto editorial	15.000,00€
TOTAL	130.000,00€

A execución realizarase nas seguintes fases:

Fase I:

- Edición en linguas estranxeiras do proxecto editorial titulado “A catedral dos Camiños” e, en formato técnico, do seu segundo Tomo sobre os labores de restauración do templo: 15.000,00 €

Fase II:

- Encargos obras de creación: 85.000,00€

Fase III:

- Encargo dunha composición para a apertura da Porta Santa: 30.000,00€

Deste orzamento, a Axencia Turismo de Galicia financiará as actividades relacionadas no cadro anterior na contía máxima de 130.000,00€, con cargo á aplicación orzamentaria 11.A2.761A.640.0, proxecto 2018 00002, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma Galega para 2020. En todo caso, as achegas da Axencia Turismo de Galicia só cubrirán o custo da realización das actividades sen que a SAMI obteña beneficio ou lucro industrial algún coas mesmas.



A Axencia Turismo de Galicia procederá ao pagamento dos gastos correspondentes a favor da SAMI Catedral, unha vez que estas entidades presenten a xustificación das actuacións realizadas.”

Segunda. Publicidade e rexistro da addenda. Consentimento para a publicidade de datos persoais

O réxime de publicidade da addenda será o establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a Axencia Turismo de Galicia. A sinatura da addenda leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Asemade procederase a inscrición da addenda no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Coa sinatura da presente addenda as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal contidos nesta.

Terceira. Condicións

Esta addenda rexerese polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.

Lida polas partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado nesta addenda, asínana na data da sinatura dixital

Pola Axencia Turismo de Galicia
O Presidente

Pola SAMI Catedral

Alfonso Rueda Valenzuela

Daniel C. Lorenzo Santos

